

PLAN DE EMPREGO III - PRÁCTICA EN EMPRESAS

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Un total de 170 persoas poderán beneficiarse do terceiro Plan de Emprego do Concello de Pontevedra, impulsado pola Concellería de Promoción Económica. O Plan de Emprego consistirá na concesión de bolsas para prácticas en empresas durante un período de 3 meses. Os/as beneficiarios/as terán unha xornada diaria de 4 horas e percibirán 375 euros brutos ao mes e non terán relación laboral nin co Concello nin coas empresas.

Os/as interesados/as deberán solicitar a súa inclusión neste plan na oficina do Servizo Público de Emprego de Pontevedra e terán de prazo ata o mércores día 15 de abril (deberan cubrir a solicitude e aportar fotocopia do cumprimento dos requisitos mínimos). So poderán elixir dúas opcións e non ter participado con anterioridade en outros plans

O Servizo Público de Emprego de Galicia remitirá unha listaxe de candidatos/as e os servizos municipais farán a selección final das 170 persoas seleccionadas. As prácticas comezarán no mes de maio.

As persoas beneficiarias deben estar inscritas como demandantes de emprego e estar empadroadas no Concello de Pontevedra. Na selección darase preferencia as persoas menores de 30 anos, as maiores de 50, as mulleres, as pertencentes a colectivos especiais en materia laboral, as que busquen o seu primeiro emprego ou teñan menos dun ano de cotización laboral e aos desempregados/as de longa duración.

A relación das becas ofertadas é a seguinte:

Postos das bolsas	Requisitos mínimos
30 Administrativo/a - Auxiliar administrativo	FP - Ciclo Medio ou Superior de Administración
15 Cociñeiros/as	Non necesaria titulación
15 Dependentes/as	FP - Ciclo Medio de comercio
15 Dependentes/as	ESO
12 Camareiros/as	Non necesaria titulación
10 Limpadores/as	Non necesaria titulación
10 Mozos/as almacén – carretilleros/as	Non necesaria titulación
8 Mecánicos/as	FP mecánica
6 Community manager	
5 Monitor/a de tempo libre	Monitor/a de tempo libre
4 Camareiros/as de pisos	Non necesaria titulación
3 Comercial	FP Xestión e marketing
3 Comercial	Non necesaria titulación
3 Educación infantil	Ciclo superior de educación infantil
2 Deseñador/a grafico/a	Deseño grafico e maquetación
2 Hixienista	Hixienista dental
2 Monitor/a deportivo	Monitor/a deportivo
2 Oficial de salón de peitado	Oficial de salón de peitado
2 Operarios/as de lavandería	ESO
2 Peitadores/as	Perruquería e estética
2 Persoal de obrador	Non necesaria titulación
2 Repartidores/as	Non necesaria titulación
2 Técnico/a en cociña e gastronomía	CM Cocina e Gastronomía
2 Técnico/a en servizos de restauración	CM Servizos de Restauración
1 Auxiliar de clínica	Auxiliar de enfermería
1 Auxiliar técnico orientación	C.S. Integración social
1 Carpinteiro/a metalico	Valorase experiencia
1 Caxeiro/a – reponedor/aa	Non necesaria titulación
1 Educador/a – profesora	Maxisterio ou maxisterio musical mais grao profesional de música
1 Electricista	FP electricidade
1 Fotógrafo/a – deseñador/a grafico	Dominio Photoshop, illustrator adobe photoshop, indesign redes s
1 Operario/a forestal ou xardiñeiro/a	ESO
1 Operario/a maquina imprenta	ESO
1 Rotulista	FP Artes Gráficas
1 Tecnico/a mantemento	FP Electricidade